

De setembro a setembro

Actividades da Asociación Cedofeita:

Xa estamos no número 22 da revista "Cedofeita". Como é habitual, nesta sección recolleemos as actividades realizadas pola nosa asociación desde o 1 de setembro do ano anterior ata o 31 de agosto do presente ano. Todas elas encamiñadas a dar a coñecer o patrimonio histórico, etnográfico, ambiental e cultural da nosa parroquia, sen esquecer a promoción da lingua e cultura galegas. Para elo levamos a cabo roteiros, viaxes culturais, actividades microlóxicas, taller de elaboración de papel na Feira Franca e os Venres Culturais –normalmente o derradeiro de cada mes–, que presentamos na Casa da Cultura de Lárez, na procura dun lugar de encontro dos nosos asociados/as, veciños da parroquia e simpatizantes da contorna, ofrecendo conferencias, proxeccións, actuacións musicais, presentacións da revista e libros e outras de diversa índole. Todo iso para favorecer o coñecemento, a información, o deleite, a conversa e o intercambio de opinións.

Feira franca



O curso que agora remata abrimolo participando na XIX edición da Feira Franca de Pontevedra que organiza o Concello en colaboración con entidades veciñais e culturais, conmemorando o privilexio concedido á vila polo rei Enrique IV (ano 1467), polo cal nos días de San Bertomeu –un mes– quedaba exenta de trabucos a venda de todo tipo de mercadorías.

O sábado, 2 de setembro, a Asociación participou, un ano máis, cun obradoiro de elaboración de papel a partir de vexetais, principalmente palla de trigo e centeo, no que o público, especialmente nenos e nenas, tomaron parte activa nas distintas fases do proceso. Rematamos a actividade con xantar e cea reparadora baixo os arcos do Museo na rúa Sarmiento.

Venres cultural de setembro.

Presentación do número 21 da Revista.

Ás 20,30 h do 29 de setembro fixemos a presentación na Casa da Cultura de Lárez do último número da nosa Revista na que podemos atopar, ademais



das seccións habituais como a referida á exposición (este ano dedicada ás paleiras de Lárez), "de conversa", humor, novos cultivos etc., aparecen artigos relacionados coa heráldica local, de Alfonso Mumary, e con futbolistas pontevedreses, de Mateo Fontán. Da autoría de Avelino Garrido é un artigo sobre os tranvías a Marín e Lárez, e Xabier Pérez Davila achégase ás actuais condicións de vida e traballo de moita xente. Pola súa banda, Calo Lourido analiza a historia que nos ensinaron nun rigoroso artigo que titula "Cantas falsidades non aprenderon sobre a historia de España!". Non faltan as referencias ao rural no artigo de David Otero nin á creatividade que amosan Fernando M. Vilanova e Elvira Riveiro en orixinais traballos que Cedofeita ten a honra de publicar.

No acto interviñeron o secretario da Asociación, Xosé Luís E. Solla, que fixo unha panorámica dos contidos da revista, José M. Ramos, Amancio Castro e Arturo Sánchez, estes últimos, autores dos artigos "Poceiro, máis que unha orquestra", "A voltas polo Lárez II" e "Leandro del Río Carnota. Párroco de Lárez e candidato republicano" respectivamente.

Presentación do número 21 da Revista na Casa das Campás.



O martes, 24 de outubro, volvemos presentar o último número da revista na Casa das Campás para dala a coñecer ao público pontevedrés. Neste ocasión interviñeron o historiador Francisco Calo Lourido que glosou o seu artigo “Cantas falsidades non aprenderon sobre a historia de España!”; o economista Xabier Pérez Davila que se referiu ás actuais condicións de vida e traballo de moita xente, ampliando o que expuxera no artigo “Como viven, como traballan. Historias da xente que non existe”; e o profesor José M. Ramos González comentou en clave vivencial “Poceiro, máis que unha orquestra”, lembrando un feixe de músicos da época, entre eles a seu pai.

Venres cultural de outubro.

Actuación do grupo musical Caruma



Non era a primeira vez que Caruma actuaba en Lerez. O desinterese e a xenerosidade dos compoñentes fixo posible que lerezáns e lerezás puidesen gozar da súa música variada, escoitando cancións de creación propia, outras galegas imprescindibles en calquera dos seus concertos e fados escollidos para a ocasión.

Desde a primeira actuación en público, o 15 de maio de 2004, Caruma pasou por diferentes etapas, sendo un feito moi especial a incorporación de *Joseito Reyes*, un gran músico cubano, que quedou enganchado ao estilo do grupo e, desde entón, é el quen leva a dirección musical. Outros compoñentes son Carmen Redondo (voz), Sergio Casal (baixo) e Jaime Simón (guitarra acústica).

A actuación tivo lugar o venres, 27 de outubro, ás 20:30 h, na Casa da Cultura de Lerez con asistencia de numeroso público.

XXIII Xornadas micolóxicas.



A Asociación Cedofeita levou a cabo unha xornada micolóxica que facía o número vinte e tres. A saída ao monte foi na mañá do sábado 11 de novembro na que se realizou unha aceptable recollida, malia o tempo desfavorable. Despois na tarde veu o traballo: limpeza dos cogomelos recollidos, preparación culinaria baixo a dirección de Pepe, o esperto en micoloxía e cociña. Á noite, os numerosos participantes gozamos degustando as exquisitas preparacións regadas con bos viños e adoçadas ao final con sobremesas variadas.

Venres cultural de novembro.

Teatro “Aula de Expresión”,



A “Aula de Expresión”, dirixida por Manolo Solla, leva máis de vinte anos dando clases de teatro en varios lugares da provincia a diversos grupos, entre eles o da Asociación Os Piñeirños de Poio. Na obra que escenificaron en Lerez, participaron alumnos e alumnas de todas as idades, algúns veteranos, con máis de dez anos de experiencia nos escenarios, mentres que outros actuaron por primeira vez nesta ocasión.

O 24 de novembro, ás 20:30 h., na Casa da Cultura de Lerez, puxeron en escena “Entre mulleres”, unha obra composta de varias pezas cómicas onde o fío condutor son elas, as mulleres. Os asistentes a esta representación desfrutaron de situacións cheas de graza e de ironía, así como da desenvoltura dos actores a actrices. A entrada, coma sempre, foi de balde ata completar aforo, para maiores de 14 anos.

Venres cultural de xaneiro. Charla informativa sobre “A invasión das velutinas (abellas asiáticas)”



○ “Grupo de voluntariado de loita contra as velutinas do concello de Pontevedra” ofreceu unha charla informativa sobre estas abellas de procedencia asiática que están a invadir o noso país. Foi o venres, 26 de xaneiro, ás 20:00 h., na Casa da Cultura de Lérez,

Ao longo da exposición facilitáronse pistas para identificar esta especie invasora e explicouse o seu ciclo biolóxico, así como as consecuencias para o agro, facendo fincapé nas súas picaduras. Ademais, falou dos distintos sistemas de eliminación de niños (biocidas, drons...), para rematar dando pautas para a confección de trampas caseiras e elaboración de atraentes.

Venres cultural de febreiro. Conferencia de Ramón Rozas: “Unha cidade, un Diario. Dúas vidas ás beiras do Lérez”



Ramón Rozas é Licenciado en Historia da Arte por la Universidade de Santiago. Tamén está en posesión do Diploma de Estudos Avanzados (DEA) conseguido na mesma Facultade. Na actualidade compaxina o seu traballo no *Diario de Pontevedra*, onde ademais, participa nas áreas de crítica artística, cinematográfica e literaria, co comisariado de diferentes proxectos artísticos.

○ xoves, 22 de febreiro, ás 20:00 h., na Casa da Cultura de Lérez, pronunciou unha conferencia que levaba por título “*Unha cidade, un Diario. Dúas vidas ás beiras do Lérez*”. Ao longo da charla, á que asistiu numeroso público, fixo un percorrido, en paralelo, pola historia do *Diario de Pontevedra* e da nosa cidade a través das portadas do xornal.

Un xeito de sintetizar a evolución tanto do propio periódico como da cidade de Pontevedra. Os cambios nas portadas convértense tamén no reflexo dos cambios dunha cidade que, ao longo dunha historia compartida, sufriu numerosas transformacións ata os nosos días. O recurso a medios audiovisuais, así como a capacidade oratoria do conferenciante, converteron o acto en ameno e agradable.

Asemblea ordinaria.

○ O 5 de marzo celebrouse a Asemblea xeral ordinaria de acordo coa orde do día: lectura de actas das sesións anteriores e aprobación, memoria de actividades, plano anual de actividades para 2018, estado de contas e orzamento, e rogos e preguntas. Asistiu un numeroso grupo de socios e socias e o seu desenvolvemento entrou dentro do cotiá.

Venres cultural de marzo. Proxección de “Lurna”, unha curtametraxe do pontevedrés Nani Matos,



Lurna, rodada en Caldas de Reis e Pontevedra, viña precedida de certo prestixio. Sen dúbida, o traballo máis internacional do director. Percorreu 27 países e foi seleccionada en máis de 100 festivais nacionais e internacionais nos que acadou 30 premios e 3 mencións especiais. Recibiu, entre outros, o Premio do Xurado e o Premio do Público no Festival SOS Racismo Madrid. O 2º premio no Festival de Curtametraxes Contra A Violencia de Xénero da Deputación de Xaén. Na cidade italiana de Ancona foi finalista ao Premio Amnistía Internacional Italia, quedando entre as sete curtametraxes finalistas e sendo a única cinta española na final. En setembro do ano pasado, na cidade de Taormina (Sicilia), obtivo o Premio Cinemigrare 2017 pola realista visualización da emigración. No mesmo mes, en Denia (Alicante) recibe o Premio á Mellor Curtametraxe de Inmigración. Así como o Premio a Mellor Curtametraxe estranxeira, no Cinecipó en Serra do Cipó (Brasil) e Premio a Mellor Curtametraxe, no Focus International Film Festival en Anoka, Minnesota (EE.UU.).

Trátase dun drama de ficción que reflexiona sobre os problemas da emigración agudizados pola condición de muller da protagonista, Lurna, unha moza africana que soña con superar

as limitación nas que vive e acadar unha vida mellor. Daquela, emprende unha viaxe coa esperanza de cumprir o seu soño. Pero as múltiples dificultades que atopa condúcena a pensar en volver á súa terra.

A proxección na Casa da Cultura de Lárez, realizouse o día 23 de marzo, ás 20,30 h.. Tras a proxección, interviñeron o propio Nani Matos, director da curta, Begoña Castro, da *Asociación Intercultural Plurales* de Caldas de Reis, e Vicky Estévez, do Colectivo Feminista de Pontevedra, cerrándose o acto cun animado coloquio.

Venres cultural de abril.

Conferencia do catedrático José Manuel Pérez García: "Poboación e economía na Galicia suroccidental da Idade Moderna"



O venres, día 27 de abril, ás oito e media da tarde, na Casa da Cultura de Lárez, o historiador José Manuel Pérez García, catedrático da Universidade de Vigo, pronunciou unha conferencia baixo o título "Poboación e economía na Galicia suroccidental da Idade Moderna"

O profesor Pérez García, nacido no Arco-Lárez, impartiu docencia nas universidades de Santiago, Valencia e León, para rematar na Vigo, campus de Ourense, onde intensificou o labor investigador centrado fundamentalmente na demografía e economía da Idade Moderna, cuxos resultados está recollidos en numerosas publicacións das cómpre destacar *"La lanzada a comienzos del siglo XVIII. Población y economía"* e *"Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régime en la Galicia Costera"*

Ao longo da súa dilatada carreira, ademais de pronunciar numerosas conferencias, ten participado en múltiples cursos, seminarios e congresos e dirixido teses doutorais, deixando tras de si unha mancha de alumnos que hoxe son docentes universitarios e do ensino medio, discípulos dun dos mellores demógrafos e ruralistas non só de España senón de Europa.

Na súa intervención na Casa da Cultura de Lárez, fixo un percorrido polas etapas da vida económica e demográfica na Galicia suroccidental na Idade Moderna, deténdose na

introdución de millo como elemento dinamizador da sociedade rural daquel momento.

O investigador Pérez García tivo a oportunidade de conversar con numerosos asistentes, amigos e veciños aos que había tempo que non saudaba, polo que o acto, ademais de instrutivo resultou cheo de afecto e lembranza.

Roteiro da auga.



O domingo 13 de maio realizamos "O Roteiro da auga". Saimos do mosteiro de Lárez ás 9:00 h. para facer un percorrido de aproximadamente 10 Km. de dificultade media, cunha duración estimada de catro horas que se cumpriu. O seu contido, de carácter histórico e medioambiental, permitiunos visitar o antigo depósito de abastecemento de auga a Pontevedra situado no Cimbelo onde se instalou un pequeno museo da auga, a Fonte Santa de resonancia lexendaria, o histórico Cano do Cura, os muiños de Couso e o desaparecido balneario de Monte Porreiro. A ferverza da Fillagosa e a frondosa vexetación completaron o roteiro no aspecto paisaxístico e medioambiental. A volta realizámola pola marxe dereita do río Lárez e Fontaiña ata o punto de saída. As persoas participantes fixeron unha leda andaina e agradeceron a información sobre aspectos históricos, sociais e mesmo verbo da flora e fauna.

Venres cultural de maio.

Homenaxe a María Victoria Moreno



Aproveitamos o venres culturais de maio (día 25) para realizar un acto co que se pretendía enxalzar a escritora María Victoria Moreno, "Letras galegas" 2018.



O evento comezou coa actuación dun quinteto de vento da aula do profesor don David Garrido do Conservatorio de Música "Manuel Quiroga" de Pontevedra, formado por César Rial (oboe), Xabier Amatria (fauta), Nerea Torres (clarinete), Daniel Otero (fagot) e Antón Caneda (trompa). Baixo a dirección do Sr. Garrido, interpretaron Pedacinho do Cèu (Waldir Acevedo), Tres Pezas Brèves (Jacques Ibert) e Tico Tico (Zequinha de Abreu), pezas moi aplaudidas polo numeroso público asistente.

A continuación foi o momento dos alumnos do Colexio de Lérez. Unha colaboración que non sería posible sen o interese da directora do centro, Montserrat Edrera. O alumnos representaron un faladoiro no que "xornalistas" sacáronlle á "escritora homenaxeada" as vivencias máis salientables da súa existencia, querendo amosar unha visión íntima, máis que literaria, da escritora, cacereña de nacemento e galega de elección. Remataron coa lectura dunha escolma de poemas do libro "Eu conto, ti cantas". Nos ollos dos pais, nais e avós asistentes brillaba a alegría pola desenfadada actuación dos alumnos.

Viaxe cultural a Lugo. 3 de xuño.



Este ano centramos a viaxe cultural na milenaria cidade de Lugo. Á ida fixemos unha breve parada técnica en Monterroso para chegar a vella cidade romana ao tempo de visitar o Centro de Interpretación da Muralla, a Casa dos Mosaicos e as termas romanas. Desde aquí desprazámonos ao restaurante onde xantamos ben e de vagar para facilitar a relación entre os asistentes. Pola tarde, visita guiada á catedral e paseo pola cima da muralla.

Houbo un tempo libre que moitos asistentes aproveitaron para relaxarse, pasear ou coñecer outros aspectos da cidade. Levamos bo día e regresamos a Lérez segundo a hora prevista.

Exposición "Os tebeos que nos divertiron. Mostra de cómics"



Os días 3,4,5,6 e 7 de agosto levamos a cabo a tradicional Exposición de agosto por san Salvador co tema "Os tebeos que nos divertiron. Mostra de cómics". Mediante 12 paneis e un ampla mesado central amosáronse imaxes e exemplares de cómics coa pretensión de facer unha aproximación aos cómics en xeral, partindo de coleccións particulares de veciños de Lérez postas a disposición da Asociación Cedofeita.

Os visitantes puideron observar e talvez lembrar que, en tempos non moi afastados, abrir un tebeo significaba introducirse nun mundo de comportamentos e problemas que daquela acontecían na vida real, aínda que desfigurados pola comicidade e esaxerados pola caricatura.

Daquela, atopamos típicos personaxes nos que a frustración está case sempre presente. Poñamos por caso *Pepe Gotera* y *Otilio* e *El botones Sacarino* reflicten a incompetencia laboral; *Zipi y Zape* e *Familia Cebolleta* representan crueldade familiar; *Mortadelo y Filemón* e *Superlópez* amosan a heroicidade imposible; *Carpanta* e *Rigoberto Picaporte* son o prototipo de vidas fracasadas; *Superman* e *Roberto Alcázar* aparecen como personaxes de aventuras. Tamén se puideron ver cómics femininos, unha das formas de discriminación de xénero de tempos ditatoriais, como *Florita*.

A presente exposición foi moi visitada e fixo a ledicia de crianzas e maiores que lembraban vivencias dun pasado non moi afastado.

Outras actuacións

A Asociación Cedofeita vén colaborado con varias entidades. Participou nos Consellos Municipais de Patrimonio, da Lingua e Feira Franca. No Consello Parroquial e coas entidades de Lérez. Tamén cooperou con centros de ensino como os colexios de Lérez e Xunqueira 2.



FARO DE VIGO
SÁBADO, 4 DE AGOSTO DE 2018

Varias mujeres contemplan los cómics. // R.V.

pontevedra@farodevigo.es

zas repasa...
cogió, el jueves d...
nón Rozas, que re



DR] sábado, 30 de septiembre de 2017

os sobre Leandro Río e Poceiro na vista 'Cedofeita'

TEVEDRA. A Asociación So-
cultural Cedofeita de Lérez
presentou onte o último núme-
da súa revista 'Cedofeita'. O
que tuvo lugar na casa de
da parroquia, enmarco
programación

FARO DE VIGO
MARTES, 24 DE OCTUBRE DE 2017

PONTEVEDRA 7

Actos y Expos.

Cedofeita. El número 21 de la revista Cedofeita se presenta en la Casa das Campás. Figuran la secciones habituales como la re- posición de agosto, Lérez,



ción Cultural de Lérez presenta un nue...
Lérez presentó ayer una nue...
icas de la...



'Unha cidade, un...

Ramón Rozas, un...
do Departamento de Arq...
e Documentación do Diario...
Pontevedra, ofrecerá mañá xoves
(20.00 horas) unha charla na...
de cultura de...
bre 'Unha...
vidas ás b...
está organ...
Sociocultur...
de balde a...
Pontevedra

DIARIO DE PONTEVEDRA | viernes, 23 de febr...



ver xo...
un des...
seguro...
plo, ca...
da capi...
século...
Civil: os...
culo XX...
tos moi...
da cidade...
etapas clá...
se fai aq...
tico moi...
das súas...
noutros lug...

PEDRO RIV...
tadas do Di...
siempre se ve...
Rivas como d...
ver siempre a...
tuen un xéner...
tanto na hist...



FARO DE VIGO
VIERNES, 29 DE SEPTIEMBRE DE 2017

PONTEVEDRA

Actos y Expos.

Cedofeita. La Asociación Sociocultural de Lérez, Cedofeita, presenta, dentro de la programación de Venres Culturais, el último número de su revista. En la presente edición, que hace el número 20, se pueden encontrar, además de artículos relacionados con la heráldica local, de Alfonso Mumary, y con futbolistas pontevedreses, de Mateo Fontán. De la autoría de Avelino Garrido es un artículo sobre los tranvías a Marín y Lérez y Xabier Pérez Davila se acerca a las actuales condiciones de vida y trabao de mucha gente. ■ Hoy, 20.30 horas, en la Casa da Cultura de Lérez.



DIARIO DE PONTEVEDRA | miércoles